

Dossier de prensa

Camiño polo Pacto Galego contra a Pobreza

Do 11 ao 16 de outubro



As ONGD galegas camiñan pola erradicación da pobreza

- Representantes das organizacións da sociedade civil galega recorrerán 100 km do Camiño de Santiago para difundir o contido do Pacto Galego contra a Pobreza
- O pacto, que está previsto que os representantes dos tres partidos políticos presentes no Parlamento galego asinen o 16 de outubro, establece compromisos políticos firmes e duradeiros na loita contra a pobreza mundial
- A campaña está aberta a todas aquelas persoas que queiran camiñar para esixir a fin das desigualdades

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2010. Os movementos sociais integrados na Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) e na campaña Pobreza Cero percorreren 100 km do Camiño de Santiago para difundir o contido do Pacto Galego contra a Pobreza. Este pacto, que as propias ONGD teñen negociado cos partidos políticos nun exercicio de traballo en rede e incidencia política, ten o obxectivo principal de establecer compromisos políticos firmes e duradeiros na loita contra a pobreza mundial e en materia de cooperación ao desenvolvemento, máis aló dun período de goberno concreto.

O Pacto Galego contra a Pobreza está inspirado no Pacto de Estado contra a Pobreza, un documento asinado en 2007 por todos os partidos políticos con representación no Congreso dos Deputados. O Pacto Galego, que está previsto que sexa asinado por representantes do PPdG, PSdG-PSOE e BNG o próximo 16 de outubro, recolle compromisos concretos para pór en marcha medidas políticas que requiren o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM).

Sobre todo, do ODM oito que se refire ao compromiso político dos países desenvolvidos na loita efectiva contra a pobreza. Unha loita que pasa por cambiar as políticas estruturalmente inxustas que condicionan as relacións Norte-Sur en materia de comercio internacional, á débeda externa ou á calidade e cantidade da Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Precisamente, neste último aspecto, o borrador do Pacto Galego contra a Pobreza compromete aos asinantes a «manter un esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento que garanta que, antes do remate de 2017, al menos o 0'7 % do orzamento consolidado da Xunta dedicarase á Axuda Oficial ao Desenvolvemento»

<<<Ver texto do borrador do Pacto Galego contra a Pobreza para ampliar información>>>

Campaña «100 km x 1 pacto = Pobreza 0»

A Campaña Pobreza Cero, que dende 2005 impulsa a Coordinadora Galega de ONGD a nivel autonómico, céntrase este ano na difusión dos compromisos do Pacto Galego contra a Pobreza que está previsto que sexa asinado polos tres partidos políticos con presenza no Parlamento, o próximo 16 de outubro.

Para difundir o contido do que aínda é o borrador do Pacto Galego contra a Pobreza, ás organizacións da sociedade civil galega, en estreita colaboración coas súas organizacións socias en América Latina, África e Asia, percorreren 100 km do Camiño de Santiago a través de 6 etapas.

O percorrido será o seguinte:

- Luns, 11 de outubro: Sarria - Portomarín.
- Martes, 12 de outubro: Portomarín - Palas de Rei
- Mércores, 13 de outubro: Palas de Rei - Arzúa
- Xoves, 14 de outubro: Arzúa - Pedrouzo (O Pino)
- Venres, 15 de outubro: Pedrouzo (O Pino) - Monte do Gozo.
- Sábado, 16 de outubro: Monte do Gozo - Santiago de Compostela. Esta será a última e máis importante etapa prevista no Camiño e que rematará onde está previsto que se asine o Pacto Galego contra a Pobreza.

ACTIVIDADES

En cada unha das localidades onde está previsto que pare o grupo de peregrinos/as, levaranse a cabo actividades de difusión entre as **11:00 e as 13:00 horas**.

En cada concello está previsto que o alcalde ou a alcaldesa lea o manifesto da campaña xunto ao equipo de goberno e se faga a difusión do contido do pacto. Tamén organizaranse actividades divulgativas arredor dos oito Obxectivos do Milenio, traballarase cos centros educativos e recolleranse firmas a favor do 0,7 % dos orzamentos para Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

Unha vez rematadas as actividades, o grupo do Camiño polo Pacto Galego contra a Pobreza, emprenderá de novo a marcha cara ao seguinte punto do percorrido.

SINATURA DO PACTO

O Pacto Galego contra a Pobreza está previsto que sexa asinado o próximo sábado 16 de outubro no Salón Nobre do Pazo de Fonseca da USC (rúa Franco s/n) ás 11:30 horas da mañá por representantes dos tres partidos políticos e da Coordinadora Galega de ONGD.

Ese mesmo día, e dende as 9 da mañá, o grupo de camiñantes levará a cabo a última etapa. Sairán do Monte do Gozo e dirixirase ata o acto de firma no Pazo de Fonseca.

Durante a próxima semana ampliarase a información en relación a sinatura do Pacto.

QUEN PODE PARTICIPAR NA CAMPAÑA?

Calquera persoa pode participar no Camiño polo Pacto Galego contra a Pobreza. O obxectivo é facer o camiño en grupo e conseguir que os e as peregrinos/as que veñen doutros puntos coincidan e se sumen á causa do Pacto Galego contra a Pobreza.

Non se establecerá ningún tipo de organización loxística por parte do grupo organizador da campaña: tratarase dun encontro de persoas que camiñan polo fin da pobreza.

PROMOCIÓN DA CAMPAÑA

As ONGD que forman parte do grupo de Pobreza Cero da CGONGD editaron un vídeo de promoción da Camiño polo Pacto no marco dun seminario de vídeo-realización participativa que se levou a cabo a principios de setembro en A Coruña.

O resultado pode atoparse na web da CGONGD (www.galiciasolidaria.org) ou no blog da campaña (<http://caminhopolopacto.wordpress.com>)

ANTECEDENTES DA CAMPAÑA POBREZA CERO

“Somos a primeira xeración capaz de erradicar a pobreza”. Esta frase, acuñada nas Nacións Unidas, converteuse no lema da maioría das ONGD españolas e galegas nos últimos anos.

No ano 2000 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración do Milenio, na que 189 Xefes de Estado e goberno se comprometeron a facer todo o posible para erradicar a pobreza, promover a dignidade humana, a igualdade, acadar a paz, a democracia e a sostibilidade ambiental. Para isto, e antes do 2015, deben acadarse os oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, que contén a devandita Declaración.

Trala Declaración do Milenio, a sociedade civil mundial organizouse para esixir aos seus gobernos que se responsabilizasen no cumprimento dos ODM, constituíndose así o “Chamamento Global de Acción contra a Pobreza” (GCAP, nas súas siglas en inglés)

No marco da GCAP, a Coordinadora Española de ONGD e todas as Coordinadoras autonómicas, entre elas a Coordinadora galega de ONGD, lanzaron no 2005 a Campaña Pobreza Cero (www.pobrezacero.org), que constitúe unha das maiores mobilizacións que cada ano, arredor do 17 de outubro, teñen lugar en España e en Galicia, e na que participan a case totalidade das ONGD españolas e galegas.

Dende Galicia, ao amparo do impulso da Coordinadora Galega de ONGD, constituíronse pequenas redes locais impulsoras da Campaña Pobreza Cero nas sete principais cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ferrol Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo). Nestas redes participan as 51 ONGD integradas na Coordinadora Galega.

Este ano, coincidindo co impulso da sinatura do Pacto Galego contra a Pobreza, a Campaña Pobreza Cero céntrase nos tramos do Camiño de Santiago nos que se van levar a cabo as actividades de difusión.

A COORDINADORA GALEGA DE ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD é unha federación de ONGD que agrupa a un total de 51 organizacións que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a axuda humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a presión política.

Naceu no 1991 e está integrada na Coordinadora de ONGD-España desde abril de 2002 como membro de pleno dereito.

A misión principal da Coordinadora Galega de ONGD, tal e como o recolle na súa recente Planificación Estratéxica é contribuír á erradicación da pobreza nun marco de desenvolvemento sostible e promoción dos Dereitos Humanos, que propugna a eliminación de calquera tipo de discriminación, ademais da promoción da igualdade entre mulleres e homes en todas as súas áreas de traballo.

Para dar cumprimento a esta misión, a Coordinadora traballa principalmente na construción dun modelo de cooperación ao desenvolvemento de calidade e transformadora para Galicia, mediante a potenciación dun espazo de intercambio e reflexión das ONGD integradas concretado no avance das Comisións de Traballo e na liña de incidencia política común.

Traballa sobre todo no fortalecemento do sector da cooperación galega, para convertelo nun sector forte e representativo

Para máis información

Helena Capera Cullell
Área de comunicación externa e sensibilización
981 585 189 - 618 626 627
sensibilizacion@galiciasolidaria.org